

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de marzo de 2010

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día oito de marzo de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(208).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas da sesión ordinaria e extraordinarias e urxentes (dúas) do 2 de febreiro, extraordinaria e urxente do 4 de febreiro, ordinaria do 8 de febreiro, ordinaria do 15 de febreiro, ordinaria do 19 de febreiro e extraordinaria e urxente do 22 de febreiro de 2010. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(209).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

2.1) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no RC-A nº 219/2004 p.o. Demandante: MIRAFLORES VIGO, S.A. Obxecto: desestimación presunta da solicitude de Miraflores Vigo, S.A. de recoñecemento de responsabilidade contractual polo incumprimento do convenio urbanístico aprobado polo concello-Pleno con data de 27 de novembro de 1992. Determinación valor aproveitamentos.

2.2) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº PA 418/2009. Demandante: GRUAS RAMA TRANSPORTES Y ELEVACIONES S.A. Obxecto: Silencio administrativo á reclamación patrimonial (expte. 2180/243). Desestimento da autora.

2.3) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº PA 144/2009. Demandante: D^a MARÍA FERNANDA MALVAR ARIAS. Obxecto: Resolución 08.04.2009, sanción de tráfico (expte. 088795109). Desestimado o recurso.

2.4) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 274/2009. Demandante: D. PABLO FERNÁNDEZ ESTÉVEZ. Obxecto: “Sanción por acto presunto” desestimatoria de alegacións. Sanción de tráfico, XER (Expte. 088809416). Inadmisibile o recurso.

2.5) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no RC-A nº P.A. 298/2009. Demandante: D. J. LUIS GUILLÁN SUÁREZ. Obxecto: Resolución do 10/03/2009 (en reposición) Sanción de tráfico (expte.: 88656264). Desestimado o recurso.

2.6) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº PA 325/2009. Demandante: D. IVAN FERNANDEZ COMESAÑA. Obxecto: Resolución de 27-05-2005 sobre reclamación patrimonial (Expte.:1854/243). Desestimado o recurso.

2.7) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no RC-A nº PA 318/2009. Demandante: D^a ÁNGELA EVA REY GONZÁLEZ. Obxecto: Resolución 18-05-2009, sanción tráfico, XER (expte.: 088791855) Desestimado o recurso.

2.8) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 42/2009. Demandante: D. JOSÉ LUIS RIVEIRO DOS SANTOS. Obxecto: Desestimación presunta (e expresa do 23/02/2009) reclamación patrimonial (expte.: 1346/243) Desestimado.

2.9) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 378/2007. Demandante: EYSSA (e SETEX-APARKI, S.A.).Obxecto: Xunta de

Gobierno Local do 23/05/09, adxudicación contrato XER (expte.: 72171/210)
Desestimado o recurso.

2.10) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 514/2009 P.A. Demandante: Dª EULOGIO CORBACHO LORENZO. Obxecto: Resolución 29-09-2009 Sanción tráfico, non identificación condutor (expte.: 098689657).
Desestimado o recurso.

2.11) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 254/2009 P.A. Demandante: D BERNARDO GÓMEZ FERNÁNDEZ. Obxecto: Resolución do 30-09-2009 reclamación patrimonial (Expte.: 1966/243) Desestimado o recurso.

2.12) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 458/2009. Demandante: Dª. JUANA GESTOSO CARRERA. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación patrimonial (e expresa do 20-11-2009) Expte.: 2157/243.
Desestimado o recurso.

2.13) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 446/2008 P.O. Demandante: Dª EUGENIA FABIÁN MATEO. Obxecto: Desestimación presunta (e expresa serodia) reclamación patrimonial (expte. 1623/243) Desestimado o recurso.

2.14) Sentenza do TSXG, Sala do Civil e Penal, no Recurso de casación número 1/2009. Demandante: COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DE TEIS. Obxecto: Reivindicación como comunais de parcelas municipais sitas na Madroa. Estimación parcial.

2.15) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no RC-A nº P.A. 400/2009. Demandante: D. ALBERTO BUJÁM GARRIDO. Obxecto: Resolución do 30 de Xuño de 2009, sanción de tráfico (expte.: 98602182) Desestimado o recurso.

2.16) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 306/2009. Demandante: D. LUIS PENA VIEITEZ. Obxecto: Resolución do TEA do Concello de Vigo sobre procedemento executivo, sanción de tráfico (expte. 10456/700) Rematado o procedemento.

2.17) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 366/09 P.A. Demandante: D EDUARDO SANMARTIN ALVAREZ. Obxecto: Resolución sanción Tráfico (Expte.: 088715432) Desestimado o recuso.

2.18) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 270/2009 .Demandante: D. PABLO FERNÁNDEZ ESTÉVEZ. Obxecto: “Sanción por acto presunto” desestimatoria de alegacións. Sanción de tráfico, XER (expte.: 088809408). Inadmisibile o recurso.

2.19) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 407/09 P.A. Demandante: D ALEJANDRO MARTIN LOPEZ. Obxecto: Resolución 2/07/09, sanción tráfico (Expte. 098677704) Desestimado o recurso.

2.20) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no RC-A nº P.A. 227/2008. Demandante: D. MARTÍN RIAL EIRAS. Obxecto: “Traslado” de “posto de traballo” PERSOAL, POLICIA LOCAL. Estimatoria.

- Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 1ª, en rec. Apelación: 143/2009 interposto polo Concello de Vigo contra a devandita sentenza. Estimado o recurso.

2.21) Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 145/09 interposto por D MANUEL BUENO HEREDIA contra Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no RC-A nº PA 326/08 sobre retribucións complementarias, bombeiros percepcións de nocturnidade e festividade durante a baixa laboral. Desestimado o recurso.

2.22) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 316/09 P.A. Demandante: Dª Mª CARMEN ALVAREZ DE PAZO. Obxecto: Desestimación “presunta” reclamación patrimonial (expte.: 2124/243) Desestimado o recurso.

2.23) Senteza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo. RC-A nº P.A. 249/2009. Demandante: Dª. ADELAIDA DONIZ PÉREZ. Obxecto: Resolución do 16-09-2009 e 13-3-2009. Sanción de tráfico (expte. 088760155) Desestimado o recurso.

2.24) Auto do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº PA 273/2009. Demandante: GES SEGUROS Y REASEGUROS S.A. Obxecto: Desetimación “presunta” reclmación patrimonial (expte. 2026/243). Rematado o procedemento.

2.25) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº PA 158/2009. Demandante: D. JOSÉ LUIS GARCÍA IBÁÑEZ. Obxecto: Acto do TEA do Concello de Vigo de 21-04-2009. Recadación executiva de sanción de tráfico. Rematado o procedemento.

2.26) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº PA 263/09. Demandante: D. EDUARDO SANMARTÍN ÁLVAREZ. Obxecto: Resolución de 14-07-2009 (en reposición), sanción tráfico (expte. 088778259) Desestimado o recurso.

2.27) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 488/2009 P.A. Demandante: D. EMILIO COSTAS FERNÁNDEZ. Obxecto: Resolución do 31 agosto 2009, reclamación patrimonial (expte.: 1894/243). Desestimado o recurso.

2.28) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 276/2009 P.A. Demandante: D. ALFREDO GIL NOVOA. Obxecto: Resolución do 05.08.09, multa coercitiva. SANIDADE (expte.: 11206/310). Desestimado o recurso.

2.29) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 510/2009 P.A. Demandante: D^a XOSÉ RAMÓN GARCÍA POSADA. Obxecto: Resolución do 29.09.2009. Sanción tráfico (expte. 098701144). Desestimento da actora.

2.30) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 484/2009 P.A. Demandante: D RAMIRO J. ANDRÉS GONZÁLEZ. Obxecto: Resolución 08.10.2009. Sanción de Tráfico, XER (expte.: 098714725). Desestimado o recurso.

2.31) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 294/09 P.A. Demandante: D^a PAZ FERNÁNDEZ MENÉNDEZ. Obxecto: Resolución do 07.05.2009, reclamación patrimonial (expte.: 1665/243) Desestimado o recurso.

2.32) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 370/2009 P.A. Demandante: D^a CONSUELO LÓPEZ GARRIDO. Obxecto: Resolución do 14.10.2009, reclamación patrimonial (expte.: 2246/243) Desestimento da autora.

2.33) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº PO 119/2008. Demandante: URBASER S.A. Obxecto: Reclamación de cantidades e xuros por facturas do 27.11.2007, contrato de recollida selectiva de RSU. Desestimado o recurso.

2.34) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 153/2009. Demandante: CANAL UNO DE COMUNICACIÓN, S.L. Obxecto: Inactividade municipal no pagamento de facturas do contrato “O Concello infoma” (do 12/09/2006). Desestimado o recurso.

2.35) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, RC-A nº PA 422/09. Demandante: D. JUAN ALBERTO ÁLVAREZ SALVADOR. Obxecto: Resolución do 15.6.2009 (Tesourería), Inadmisión de nulidade de P. Constrinxente por multas de tráfico (Expte.:8246/700). Desestimado o recurso.

2.36) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 412/2009. Demandante: D. RAMÓN CARNERO COMESAÑA. Obxecto: Resolución 23.7.2009. Denegación de entrada vehículos vía pública (expte.: 76347/210) Desestimado o recurso.

2.37) Setenza do X. Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 483/2008. Demandante: CESPAS, S.A. Obxecto: Resolución do 08.10.2008 reclamación patrimonial (expte. 1228/243). Inadmisibile o recurso.

2.38) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº PO 115/09. Demandante: D^a. ISABEL DASILVA PEÑA. Obxecto: Acto do 23-2-2009, reclamación patrimonial (expte.: 1615/243) Desestimado o recurso.

2.39) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 60/2009. Demandante: ZURICH COMPAÑÍA ASEGURADORA E COMUNIDADE DE BENS LOCAIS, VÍA NORTE 34. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial (expte.: 1722/243). Rematado o procedemento.

2.40) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 251/2009. Demandante: D. LIBERIO SÁNCHEZ GONZÁLEZ. Obxecto: Resolución de 26.05.2009. Sanción de tráfico, XER (expte.: 088795026). Desestimado o recurso.

2.41) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 250/2009. Demandante: D. LIBERIO SÁNCHEZ GONZÁLEZ. Obxecto: Resolución de 26.05.2009. Sanción de tráfico, XER (expte.: 088795019) Desestimado o recurso.

2.42) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 382/2009. Demandante: D. CARLOS FERNÁNDEZ FIGUEROA. Obxecto: Resolución 14.7.2009, sanción tráfico (expte.: 098622633). Desestimado o recurso.

2.43) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 455/2009. Demandante: D. CARLOS RIVERO MARTÍNEZ. Obxecto: Resolución de 28.7.2009, sanción de tráfico (Expte.: 098608642, 098023007, 098623008) Desestimado o recurso.

2.44) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº PO 32/2009. Demandante: D^a REMEDIOS VOCES CUADRADO. Obxecto:XGL 21.4.2008, reclamación patrimonial (expte.: 1416/243) Desestimado o recurso.

2.45) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 439/07 P.A. Demandante: D MODESTO VÁZQUEZ PAZO. Obxecto: Resolución 6 agosto 2007 XGL (enalzada) Concurso provisión interna cabos bombeiros (SEIX) Estimatoria parcial.

- Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 1^a, no rec. APELACIÓN nº 253/2009, interposto por D. JUAN CARLOS ILLÁN LOMBAO E O CONCELLO DE VIGO contra a devandita sentenza. Estimados os recursos.

2.46) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 312/09 P.A. Demandante: D^a. LIS MARCIA VIVIANA DI MARCO. Obxecto: Resolución do 06.07.2009, reclamación patrimonial (expte.: 1875/243) Desestimado o recurso.

2.47) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 333/09 P.A. Demandante: D. EMILIO LÓPEZ SAAVEDRA. Obxecto: Resolución do 25.09.2009, reclamación patrimonial (expte.: 1882/243) Desestimado o recurso.

2.48) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 318/09. Demandante: D^a. MONTSERRAT OTERO OITAVEN. Obxecto: Resolución do 4-9-2009. Sanción de tráfico, XER (expte.: 098606487). Desestímato da demandante.

2.49) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 111/2009. Demandante: TEODORO SÁNCHEZ VÁZQUEZ. Obxecto: Resolución do 3/06/2009 desestimatoria de reclamación de responsabilidade patrimonial(expte. 1813/243). Desestimado o recurso.

2.50) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 439/09 P.A. Demandante: “TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L.” Obxecto: Inexecución de contrato (verbal). Servizos no edificio da antiga Reitoría-Goberno Militar-Banco de España, no Areal, 66 en xullo de 2006. Reclamación do 3 xullo 2009. Desestimado o recurso.

2.51) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 326/2009. Demandante: D^a. MARGARITA BASTOS DAVILA. Obxecto: Resolución do 16.10.2002, reclamación patrimonial (expte.: 14258/240) Desestimado o recurso.

2.52) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 76/2009 P.A. Demandante: D. VICENTE APARICIO GONZÁLEZ. Obxecto: Desestimación presunta do 11.08.09 contra “orde verbal de cambio de turno/saída” SEIX. Desestimado o recurso.

2.53) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 259/2009 P.A. Demandante: D^a. NURIA USERA MARTÍNEZ. Obxecto: Resolución do 9.6.2009 desestimatoria de reposición, sanción tráfico (expte.: 098610058) Rematado o procedemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(210).- REVISIÓN DE TARIFAS DO APARCADOIRO DA RÚA URZÁIZ. EXPTE. 18858/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 4.02.10, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de Tarifas no aparcadoiro da rúa Urzaiz, adxudicado a entidade U.T.E. “Eloymar y Tranvias Electricos de Vigo”, a partir da data de aprobación do presente acordo, por aplicación do incremento do IPC decembro 2008/2009, de 0,8%, fixando a tarifa/minuto por uso do servicio de aparcadoiro na cantidade de:

- 0,0346 nos primeiros 80 minutos.
- 0,0260 a partir do minuto 81.

4(211).- REVISIÓN DE TARIFAS DO APARCADOIRO DA RÚA PINTOR COLMEIRO. EXPTE. 18857/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 4.02.10, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión solicitada polo concesionaria do aparcadoiro da rúa Pintor Colmeiro, Eloymar y Tranvias UTE, nos seguintes termos:

- O importe das tarifas a percibir dos usuarios nas prazas rotatorias, referidas a anualidade 2010, quedan establecidas en 0,0273 euros/minuto.
- A cuota trimestral de mantemento que aboaran os titulares das prazas de cesión de uso será de 98,53 euros.

5(212).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB DEPORTIVO BOSCO PARA O PROXECTO DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ÉLITE DE CATEGORÍA LIGA FEMININA DE BALONCESTO, TEMPADA 2009-2010. EXPTE. 9320/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.01.10, o informe de fiscalización do 19.02.10, e de acordo co informe-proposta do 27.01.10, conformado polo director deportivo do IMD e o concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Deportivo Bosco, para o proxecto de actividades do equipo de élite da entidade da categoría liga Feminina de Baloncesto pola actividade na tempada 2009/2010.

2º.- Aprobar o gasto de 95.000,00€ a favor da entidade: Club Deportivo Bosco, co CIF: G-36692317, con enderezo social na rúa López Mora nº 65 en Vigo, e numero de conta corrente: 0130-3088-12-0146851104. Este credito é con cargo á partida 4521.489.00.05 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO BOSCO VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA TEMPADA 2009-2010.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dousmil dez

REUNIDOS

Dunha parte, don Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don/dona Francisco Araújo Sestelo, como presidente da entidade Club Deportivo Bosco, CIF nº G-36692317 e enderezo social en Rúa López Mora nº 65 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 9320-333 .

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Club Deportivo Bosco conta cun equipo de élite que participa na categoría Liga Feminina de Baloncesto, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Liga Feminina de Baloncesto desenvolverá o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2009/2010.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4521.489.00.05, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 95.000,00 €, a favor da entidade deportiva Club Deportivo Bosco.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar á financiación do proxecto do equipo de elite da entidade Club Deportivo Bosco na tempada 2009/2010.

V.- Que a entidade Club Deportivo Bosco non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 9320-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Deportivo Bosco, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva Club Deportivo Bosco convénen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Deportivo Bosco comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de Deportes -Concello de Vigo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Deportivo Bosco na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

2º.- *Facilitar os medios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promoción da entidade Club Deportivo Bosco, (revista, web, etc).*

3º.- *Conceder directamente á entidade Club Deportivo Bosco unha subvención por importe de 95.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.05 do orzamento en vigor co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de élite da entidade na tempada deportiva 2009/2010.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca a totalidade da tempada deportiva do equipo de élite 2009-2010, entre os 45 días naturais previos ó inicio da competición oficial e os 30 días posteriores á finalización da mesma.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2010.

6(213).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE VIAJES EL CORTE INGLÉS, S.A. POLO ALOXAMENTO DAS DELEGACIÓNS PARTICIPANTES NA SUPERCOPA DE ESPAÑA DE FÚTBOL SALA. EXPTE. 9352/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 2.03.10, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.01.10, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo que figura na factura nº 00096-030438C, que se achega ao expediente, por un importe total de 19.651,67 € (dezanove mil seiscientos cincuenta e un euros con sesenta e sete céntimos), a favor de Viajes El Corte Inglés, S.A. co CIF: A-28229813 que deben ser imputados á Partida orzamentaria 4521.226.08.00 “Organización de actividades deportivas”.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Viajes El Corte Inglés, S.A, co CIF: A-28229813, por un importe total de 19.651,67 €, en concepto de prestación do servizo de aloxamento dos equipos participantes na Supercopa de España de Fútbol Sala, celebrada os pasados días 7 e 8 de xaneiro, con cargo á Partida orzamentaria 4521.226.08.00 “Organización de actividades deportivas”.

3º.- Pagar a Viajes El Corte Inglés, S.A, co CIF: A-28229813,, a factura nº 00096-030438C, que se achega ao expediente, por un importe total de 19.651,67 € (dezanove mil seiscientos cincuenta e un euros con sesenta e sete céntimos), con cargo á Partida orzamentaria 4521.226.08.00 “Organización de actividades deportivas”.

7(214).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE CAMBIO DE DATA PARA A ORGANIZACIÓN DO “DUATLÓN CROSS MAMOA DE CANDEÁN”. EXPTE. 9326/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o cambio de data do evento deportivo denominado “DUATLÓN CROSS MAMOA DE CANDEÁN” que estaba previsto para o 21 de febreiro, e que se celebrará o vindeiro 13 de marzo de 2010, xa que por motivos metereolóxicos tivo que aplazarse. Dito evento comenza a partir das 16.00 horas no Monte Vixiador e arredores.

8(215).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL “REVERTIA” COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE). EXPTE. 6793/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 17.02.10, conformado polo concelleiro de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “revertia” (que terá por obxeto a posta en marcha dun servizo de borrado de datos, reutilización e reciclaxe de elementos tecnolóxicos no marco das políticas empresariais de *responsabilidade social corporativa (RSC)* e desenvolvemento sostible), sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo equipo do Servizo de Asesoramento a Emprendedores/as (SAE) do Concello de Vigo, que por parte dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local (ADLs) asisten na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como no asesoramento para levar a cabo os trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e axuda na posterior solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellería de Traballo e Benestar.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.

9(216).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ALUGUER DO INMOBLE SITO NA ESTRADA DO VAO Nº 151. EXPTE. 6710/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 3.02.10, conformado polo concelleiro de dito servizo, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

Para o desenvolvemento de actividades de formación para o emprego no ámbito das profesións relacionadas coa construción naval (carpintería de ribeira e novas técnicas de construción naval) así como daquelas relacionadas coa promoción de actividades náuticas turístico-deportivas, o concello de Vigo alugou o inmovible sito na Estrada do Vao nº 151, propiedade da Comunidade de Herederos de Adolfo Abraín Domingo.

O contrato de aluguer (expte. 601/077) foi asinado o 13/11/00, con vixencia no período 15/11/00-15/05/02 e , segundo a súa Cláusula Segunda, será “prorrogable por un máximo de cinco anos, sempre que as partes o acorden”. Complementariamente, a cláusula Terceira di “ De executarse as prórrogas, o importe da renda actualizaríase anualmente co Índice de Prezos ó Consumo (IPC) que regulamentariamente se estableza” (achégase copia do contrato de arrendamento e da certificación do acordo da Comisión de Goberno municipal).

Deste xeito, no expediente 1237-077 recóllense as actuacións correspondentes á prórroga efectuada no período comprendido entre 16/05/02-15/05/03, no 1658-077 as relativas á prórroga do período 16/05/03-15/05/04, no 2288-077 as do período 16/05/05-15/05/06, no 3741-077 as do período

16/05/06-30/06/07, no 4554-077 as do período 01/07/07-31/12/07, no 4965-077 as do período 01/01/08-31/03/08, e no 5108-77 as do período 01/04/08-30-09-08, no 5341-77 período 01/10/08-30/06/09, no 5962-77 período 01/07/09-31/12/09. (achéganse no expediente copias das certificacións dos correspondentes acordos de Comisión de Goberno e Xunta de Goberno Local).

Unha vez manifestada pola propiedade a súa vontade de prórrogar seis meses máis a relación co Concello de Vigo no referido ao aluguer do inmovible sito na Estrada do Vao nº 151 nas condicións indicadas no contrato de arrendamento (achégase copia do escrito 12/09/08 remitido polo representante da propiedade nese sentido), e toda vez que esta infraestrutura permitirá continuar co desenvolvemento de accións de fomento do emprego e da actividade económica no ámbito das profesións relacionadas co mundo do mar (nomeadamente do novo proxecto acollido ao programa de escolas obradoiro, denominado “Escola obradoiro Mar de Vigo V”), dende esta Concellaría de Promoción Económica e Emprego enténdese que é necesario e posible prorrogar o citado contrato de arrendamento por un novo período seis meses, período no que se deberá de negociar a posibilidade de adquirir en propiedade o citado inmovible.

Deste xeito, a prórroga do contrato tería vixencia de SEIS MESES dende o 01/01/10 ata o 31/06/10 e o seu custo mensual, para este período, será de 4060,00 €, IVE incluído, tendo un custe para o que resta de ano de 24.360,00 €, que serán aplicables á partida 3220 202 0000 “Aluguer de inmovibles”, do presuposto do ano 2009.

En consecuencia, á vista do exposto e da demais documentación obrante no expediente de referencia, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL APROBAR O SEGUINTE:

Aprobar a prórroga do contrato de aluguer do inmovible sito na Estrada do Vao nº 151 desta cidade, do que é propietaria a "Comunidad de Herederos de Adolfo Abraín Domingo", con CIF E36746527, representada por D Adolfo S. Abraín de Castro, con NIF 00.704.989-Q.

Aprobar ó pago do aluguer polo montante de 24.360,00 € (vinte catro mil trescentos sesenta euros) sendo a duración da prórroga do contrato por seis meses (6 meses), dende o día 01/01/2010 ata o día 31/06/2010. Este pago poderá imputarse contra a partida 3220 2020000 “Aluguer de inmovibles” do vixente presuposto, estando esta partida dotada con saldo suficiente para facer efectivo o pago..

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(217).- PROPOSTA DE SINATURA DOS CONTRATOS DE AUTORIZACIÓN PARA O ACCESO A DATOS DE CARACTER PERSOAL POLOS AXENTES SOCIAIS DENTRO DO PROGRAMA “IMOS TRABALLAR”. EXPTE. 6328/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 5.10.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura dos contratos de autorización de acceso a datos de carácter persoal por un terceiro, que constan no expediente, que complementan os convenios de colaboración asinados cos axentes sociais participantes no programa “Imos Traballa” Sindicatos Comarcais de Comisións Obreiras, Confederación Intersindical Galega e Unión Xeral de Traballadores, Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), Asociación de Jovenes Empresarios (AJE) e Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra (APE).

2º.- Aprobar a sinatura do contrato de autorización de acceso a datos de carácter persoal por un terceiro, que consta no expediente, que complementa o contrato menor de asistencia técnica de programación e soporte da base de datos do proxecto coa empresa Formaten Plataformas de Sistemas y Desarrollos S.L., co CIF número B32332652.

3º.- Facultar ao concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, D. Santos Hector Rodriguez Díaz, para a sinatura dos contratos aprobados.

11(218).- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO RELATIVO ÁS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO ANO 2009. EXPTE. 6803/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 1.03.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Que con data 20 de xullo de 2009 a Xunta de Goberno Local acordou aproba-las bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de subvencións do ano 2009 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2009 (expte: 5996/77)

Una vez rematado o prazo de admisión de solicitudes se constitúe a Comisión de Valoración, de conformidade coa base terceira da convocatoria, emitindo o informe correspondente no que se concreta o resultado da avaliación efectuada, e aprobándose a concesión das axudas por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de decembro de 2009.

Segundo.- Que foi detectado un erro material no reparto dalgunha das cantidades correspondentes ás Axudas Municipais á Creación de Empresas 2009, e correxido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de febreiro de 2010.

Terceiro.- Que foi detectado un erro material nunha cantidade correxida correspondente ás Axudas Municipais á Creación de Empresas 2009.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 105.2 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, en redación dada pola Ley 4/99, establece que “las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”.

O órgano competente para resolver é a Xunta de Goberno Local de conformidade coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Á vista dos antecedentes e das consideracións expostas propónse a adopción do seguinte ACORDO:

ÚNICO.- Rectifica-lo erro material existente no acordo da Xunta de Goberno Local do día 8 de febreiro de 2010, de rectificación de erros materiais no acordo de concesión ou denegación de Axudas Municipais á Creación de Empresas do ano 2009 no Marco do Plan Municipal de Emprego 2008-2011, no sentido seguinte

Onde dí

6211-77	AGARIMO ATENCIÓN A MAIORES, S.L.	B-27.706.944	1.665,72 €
---------	----------------------------------	--------------	------------

Debe decir:

6211-77	AGARIMO ATENCIÓN A MAIORES, S.L.	B-27.706.944	2.562,64 €
---------	----------------------------------	--------------	------------

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(219).- RENOVACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS E MAQUINARIA DE FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 3.03.10, conformado pola concelleira delegada de Limpeza, que di o seguinte:

En data 22 de febreiro do 2010, e unha vez revisada a flota de vehículos a enaxenar, o Xefe do Parque Móbil Municipal emite informe no que propón a incorporación das seguintes unidades:

- 1 tractor New Holland, matrícula E-5028-BBS (incorporaríamos brazo e cazo do outro tractor)
- 10 furgonetas marca Jumpy 1.9 D, matrículas 7914-15-16-17-18-19-20-21-22-BKN e 7960-BKN
- 1 furgoneta marca Jumpy 1.9 D, matrícula 7923-BKW
- 1 furgón marca Jumper, matrícula 5399-BMF
- 1 furgón marca Jumper, matrícula 9218-BNL
- 2 furgonetas Berlingo, matrícula 5671-72-BKH
- 1 todoterreo marca Nissan, matrícula 1478-BMC
- 1 camión grúa marca Nissan, matrícula 0752-BND
- 3 camiões de brigada marca Nissan, matrículas 4172-73-75-BPY
- 1 baldeadora, matrícula 2251-BVZ
- 2 unidades marca Jhon Deere, matrículas E-1013-15-BBS

Con estes vehículos, a Empresa deberá aportar o permiso de circulación, a ficha técnica e as postas en conformidade que teñan sido feitas con referencia ao Decreto 1215/97, o libro de instrucións dos vehículos e aperos que foran incorporados, de despiece e de repostos.

O valor destas unidades que o Xefe do Parque Móbil propón incorporar é de 2.368 euros, conforme á valoración presentada pola Empresa. Polo tanto o importe resultante da enaxenación dos bens adscritos ao servizo é de 20.714 euros que a Empresa Concesionaria deberá facer efectiva na Tesourería Municipal na conta 61900 do Orzamento de Ingresos polo concepto de “Venta de maquinaria”

Polo anteriormente exposto PROPONSE

1º.- Incorporar ao Parque Móbil Municipal, nas condicións indicadas no informe do Xefe do Servizo de data 22 de febreiro, os vehículos:

- 1 tractor New Holland, matrícula E-5028-BBS (incorporaríamos brazo e cazo do outro tractor)
- 10 furgonetas marca Jumpy 1.9 D, matrículas 7914-15-16-17-18-19-20-21-22-BKN e 7960-BKN
- 1 furgoneta marca Jumpy 1.9 D, matrícula 7923-BKW
- 1 furgón marca Jumper, matrícula 5399-BMF
- 1 furgón marca Jumper, matrícula 9218-BNL
- 2 furgonetas Berlingo, matrícula 5671-72-BKH
- 1 todoterreo marca Nissan, matrícula 1478-BMC
- 1 camión grúa marca Nissan, matrícula 0752-BND
- 3 camiões de brigada marca Nissan, matrículas 4172-73-75-BPY
- 1 baldeadora, matrícula 2251-BVZ
- 2 unidades marca Jhon Deere, matrículas E-1013-15-BBS

2º.- Descontar do valor total de enaxenación de 23.082 euros, o valor de 2.368 euros dos vehículos incorporados ao Parque Móbil resultando polo tanto, un importe de 20.714 euros a ingresar pola Empresa Concesionaria Fomento de Construcciones y Contratas S.A., na conta 61900 do Orzamento de Ingresos polo concepto de “Venta de maquinaria”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(220).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “REPARACIÓNS VARIAS NO PASEO DO RÍO LAGARES”, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA. EXPTE. 6942/306.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 3.03.10, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra “Reparacións varias no paseo do río Lagares”.
- 2º.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra “Reparacións varias no paseo do río Lagares”.
- 3º.- Dar traslado do Aviso Previo que se achega á autoridade laboral competente.
- 4º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos técnicos municipais D. Ramón Fernández-Linares Bouza e D. Julio Carrasco Rodríguez.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria Hidroscivil, SL, a cal a súa vez xunto co Plan de seguridade e saúde dará conta á autoridade laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo prevén a Lei 31/1995, do 8 de novembro, ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervintes ou concorrentes na obra; e aos representantes dos traballadores a efectos de que poidan presentar, por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real decreto 1627/1997).

14(221).- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE FEBREIRO 2010. EXPTE. 1014/334.

Mediante providencia de data 1 de marzo de 2010 e en cumprimento co establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para 2005, a concelleira delegada de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de febreiro de 2010, que son os seguintes:

Expediente	999/334. Actividade "Uxío Novoneyra na voz da xente"
Decreto concelleira	data 8 de febreiro de 2010
Informe Intervención	RC 6954
Adxudicatario	Antaxurada, S.L.
Importe	10.423,76 euros

Expediente	1001/334. Actividade "O ladrón das palabras"
Decreto concelleira	data 4 de febreiro de 2010
Informe Intervención	RC 8574
Adxudicatario	Promocións Culturais Galegas, S.A.
Importe	4.680,00 euros

Expediente	1004/334. Programa "Cinema galego. Unha lección de cine" para infantil e primaria
------------	-----------------------------------------------------------------------------------

Decreto concelleira	data 10 de febreiro de 2010
Informe Intervención	RC 6953
Adxudicatario	Yelmo films, S.L.U.
Importe	9.000,00 euros

Expediente	1008/334. Actividades de dinamización lingüística e animación lectora
Decreto concelleira	data 16 de febreiro de 2010
Informe Intervención	RC 6906
Adxudicatario	Grupo edebé-rodeira
Importe	17.600,00 euros

Expediente	1011/334. Actuación toponímica en Lavadores, Teis e Castrelos
Decreto concelleira	data 17 de febreiro de 2010
Informe Intervención	RC 8592
Adxudicatario	Iván Sestay Martínez
Importe	4.060,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

15(222).- PROPOSTA DE AGRUPACIÓN DE FINCAS DE PROPIEDAD MUNICIPAL NA RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ, 8, 10 E 12. EXPTE. 5464/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 1.03.10, conformado polo delegade de Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 21 de outubro de 2009, acordou aprobar a adquisición dos inmobles situados na rúa Abeleira Menéndez números 8, 10 e 12, do Casco Vello de Vigo, coa finalidade de, trala súa rehabilitación e adecuación, albergar os fondos de pintura e escultura existentes no Museo municipal “Quiñones de León”.

Unha vez realizado o trámite legal da inscrición das tres propiedades no rexistro da propiedade a nome do Concello de Vigo, o Delegado de área de Patrimonio Histórico resolveu, na data do 25/02/2010, iniciar os trámites oportunos para someter a aprobación do órgano municipal competente a agrupación das fincas descritas creando así unha nova finca. A estes efectos, por parte deste servizo, fíxose unha consulta á Notaría que xestionou os trámites de escritura pública e inscrición dos inmobles sobre os trámites necesarios para a agrupación. E seguindo as súas recomendacións, solicitouse á oficina de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo un informe sobre os a superficie e lindeiros da finca resultante, informe que se incorpora ao expediente de referencia.

Por tanto, á vista do que antecede, e tendo en conta a lexislación vixente, concretamente as disposicións contidas no Decreto de 14 de febreiro de 1947 polo que se aproba o Regulamento Hipotecario e demais de aplicación, este servizo fai á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA

1. *A aprobación da AGRUPACIÓN DE FINCAS de propiedade municipal situadas na rúa Abeleira Menéndez cos números 8, 10 e 12, adquiridas polo Concello de Vigo na data do 11/12/2009 perante o Notario d. José Luis Lorenzo Areán, para, unha vez rehabilitadas, albergar os fondos de pintura e escultura existentes no Museo municipal “Quiñones de León”, cos novos lindeiros que se reflecten no informe do servizo municipal de Cartografía de data 01/02/2010 que se incorpora ao expediente.*
2. *Deixar, para esta finalidade, sen efecto a división horizontal do inmovible número 10, integrada por cinco entidades independentes, a saber: Una, planta baixa, inscrita no Rexistro da propiedade nº 5 de Vigo, tomo 1537, folio 56, finca nº 78887. Dous, estudio A) na planta primeira, inscrita no Rexistro da propiedade nº 5 de Vigo, tomo 1537, folio 59, finca nº 78888. Tres, estudio B) na planta primeira, inscrita no Rexistro da propiedade nº 5 de Vigo, tomo 1537, folio 62, nº finca 78889. Catro, estudio A) na planta segunda, inscrito no Rexistro da propiedade nº 5 de Vigo, tomo 1537, folio 65, nº finca 78890. E Cinco, inscrita no Rexistro da propiedade nº 5 de Vigo, tomo 1537, folio 68, nº finca 78891, datos todos eles que se recollen na escritura outorgada o 11/12/2009.*
3. *Facultar ao Tenente de Alcalde, d. Santiago Domínguez Olveira para a sinatura de toda a documentación e demais actos que a agrupación das fincas poideran requirir e para a súa solicitude de inscrición no Rexistro da propiedade.*
4. *Aprobar a valoración económica da finca resultante, que, en base aos importes consignados na escritura de compravenda outorgada o 11/12/2009, ascende á cantidade de UN MILLÓN OITOCENTOS VINTESETE MIL EUROS (1.827.000,00), IVE incluído, que foi o prezo global da transmisión.*
5. *Solicitar ao Rexistro da propiedade a inscrición da agrupación das fincas, consonte aos preceptos recollidos no Decreto de 14 de febreiro de 1947 polo que se aproba o Regulamento Hipotecario e demais lexislación de aplicación.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(223).- CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOS-

TELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NO CONCELLO. EXPTE. 19715/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 2.03.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a sinatura do convenio entre D Carlos Lopez Font, Concelleiro delegado de Area de Xestión Municipal do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 2 de xullo de 2007 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007 e D. Máximo Pló Casasús, Vicerreitor da Oferta Docente e EEES, para a regulación da realización de prácticas que realicen os alumnos de dita Escola, ao obxecto de completar a súa formación.

2º.- En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos o perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenrolo do mesmo.

3º.- Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, una relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

CONVENIO CO CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO PRACTICUM DAS TITULACIÓNS DA FACULDADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

REÚNENSE:

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación da mesma en virtude do Decreto 93/2006, de 8 de xuño, do seu nomeamento e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o Decreto 28/2004, de 22 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

E doutra ,o Ilmo Sr D Abel R. Caballero Alvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación do Concello de Vigo con enderezo social na r/ Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF. P 3605700H , en virtude do nomeamento plenario de data 14 de xuño de 2007,e segundo as facultades que lle confire o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/03 do 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local, así como o disposto na artigo 41 do Real D.L 2568/1986, do 28 de novembro polo que aprobouse o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorga-lo presente convenio e, para os efectos,

MANIFESTAN:

- Que a USC, como prestadora do servizo público da educación superior, realiza actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico.*

- Que, por iso, ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas dos estudantes da Facultade de de Ciencias da Educación, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.
- Que o Concello de Vigo ten interese en colaborar no sistema de formación do alumnado da USC.

De acordo co anterior, a USC e o Concello de Vigo acordan asinar un convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establece-la colaboración entre as partes de cara a unha adecuada programación, desenvolvemento de prácticas tuteladas do alumnado da Facultade de Ciencias da Educación nas dependencias do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Obxecto das prácticas

O obxecto do convenio será establecer unha relación efectiva entre ámbalas dúas partes co fin de que o alumnado da Facultade de Ciencias da Educación poida realizar prácticas -no marco da materia de practicum dos seus plans de estudos- nos programas, proxectos, actividades e servizos do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Número de prazas

O número de prazas que se convocarán para realizar prácticas determinarao a Comisión de Seguimento deste convenio e concretarase nas convocatorias que faga a USC.

A oferta de prazas estará condicionada á dispoñibilidade anual e real que oferte o Concello para cada período lectivo .

CUARTO.- Período de realización das prácticas

As prácticas que son obxecto deste convenio realizaranse no período que determine a Comisión de Seguimento e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.

QUINTO.- Número de horas e créditos que se recoñecerán

Computarase un crédito por un mínimo de dez horas de prácticas realizadas ó abeiro deste convenio, sen poder superar os límites que, para estes efectos, establecen os planos de estudio.

Estes créditos recoñeceranse como troncais tal como se establecen nos planos de estudio das titulacións impartidas na Facultade de Ciencias da Educación.

SEXTO.- Titores/-ras responsables e órgano universitario responsable

A Comisión de Seguimento, para cada un dos períodos e prazos das prácticas que se convoquen, nomeará as persoas, por parte da USC e da institución, que actuarán como coordinadores-responsables.

Os/as profesionais nomeados polo Concello, sempre en exercizo dun posto de traballo no mesmo, que exerzan como titores/as recibirán unha acreditación por parte da Facultade de Ciencias da Educación na que se especifiquen as mesmas horas (e correspondentes créditos) que as do alumnado tutorizado.

SÉTIMO.- Selección dos alumnos

A Comisión de Seguimento seleccionará as persoas que van realiza-las prácticas consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

OITAVO.- Memoria das prácticas

Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado, quedando o Concello cun exemplar das memorias e dos traballos realizados.

NOVENO.- Procedemento de avaliación

A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas da entidade colaboradora.

Soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 10% das horas programadas.

DECIMO.- Certificación da entidade

Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación favorable, o Concello emitiralle a cada un dos alumnos que participaron con regularidade nas prácticas unha acreditación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.

A acreditación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que das prácticas realice a USC.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Relación coa entidade

O feito de que o alumnado realice prácticas nunha entidade colaboradora non suporá ningún tipo de relación laboral con ela nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.

Aqueles que teñan menos de vinteito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Ademais teñen a cobertura de Responsabilidade Civil con póliza 096 0270029475 xestionada por Correduría Silva y Zamora (C/ República del Salvador, 8, 3º. Santiago de Compostela).

Polo que a subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as/as alumnos/as en practicas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio e o Concello de Vigo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

DÉCIMO SEGUNDO.- Obrigas Económicas

Este convenio non supón gasto ningún para a USC nin para o Concello de Vigo, razón pola que non se precisa consignación.

En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias da Casa do Concello de Vigo

DÉCIMO TERCEIRO.- Comisión Mixta de Seguimento

Para o seguimento do convenio establecerase unha comisión mixta na que participarán integrada por tres membros de cada entidade. Pola USC, participaran o decano, director do centro u o director de departamento responsable, e dous profesores universitarios máis.

Por parte do Concello participaran o Concelleiro delegado de Xestión Municipal , o/a xefe/a do servizo de Recursos Humanos e dous xefes dos servizos nos que se desenvolva o programa de prácticas.

Esta Comisión Mixta comprométese a cumprir os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- *Formular as propostas sobre o número de prazas de cada convocatoria para a realización de prácticas formativas correspondentes a cada curso académico, de acordo cos criterios e normas que se han establecer oportunamente.*
- *Propoñer ao reitor o nomeamento tanto do titor responsable na empresa, como por parte da Universidade, para cada un dos prazos ou períodos nos que se convoquen as prácticas.*
- *Establecer os criterios de avaliación e control das prácticas tuteladas.*

A comisión realizará as reunións que considere oportunas para avaliar o progreso formativo do estudantado e resolver as cuestións que xurdan no desenvolvemento dos programas.

Para a regulación dos aspectos non especificados neste convenio e que poidan afectar o desenvolvemento das prácticas preprofesionais, ambas as partes poden crear un procedemento onde se especifiquen estas cuestións.

DÉCIMO CUARTO.-PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.

DÉCIMO QUINTO.- Entrada en vigor e vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día seguinte do seu asinamento e estará vixente ata o remate do curso académico correspondente. Prorrogarase automaticamente por cursos académicos sucesivos se ningunha das partes o denuncia de xeito expreso, avisando con tres meses de antelación.

En calquera caso o convenio non poderá rescindir-se no caso de que haxa alumnos/as seleccionados/as para realizar un período de prácticas, mentres non rematen estas.

DÉCIMO SEXTO.- Xurisdicción

O Concello de Vigo e a USC comprométese a resolver de maneira amistosa calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente acordo.

Vigo, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Productividade” polo periodo comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de decembro de 2009.

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

18(225).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS AO FUNCIONARIO D. MARCOS LÓPEZ CAMPOS. EXPTE. 7124/540.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 1.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 27.01.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Outorgar ao funcionario D D. Marcos Lopez Campos, nº de persoal 21913, Auxiliar Administrativo adscrito a Negociado de Pagaduria, un complemento de produtividade correspondente ao período comprendido entre o 31 de outubro de 2009 ao 31 de xaneiro de 2010 , por importe de 1606,79 €, polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando, segundo resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 31 de outubro de 2009.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 1606,79 € en concepto de produtividade a favor do funcionario D D. Marcos Lopez Campos, nº de persoal 21913 con cargo a la partida 12111500000, polo periodo comprendido entre o 31 de outubro de 2009 ao 31 de xaneiro de 2010.

Dese traslado do presente acordo á interesada, ao Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, semade, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, por un prazo de dez días.

19(226).- COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS Á FUNCIONARIA D^a MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ MARTÍNEZ. EXPTE. 19656/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 1.03.10, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 27.01.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Outorgar á funcionaria municipal D^a María José Rodríguez Martínez, con nº de persoal 22.042, xefa do Negociado de Réxime Interior, un complemento de produtividade pola realización das funcións propias de técnicos de xestión no Servizo de Recursos Humanos encomendadas provisionalmente por Decreto de 14 de xaneiro de 2009, nos termos do

informe de satisfacción do traballo realizado e o resultado positivo obrantes no expediente administrativo e que antecedan á precedente proposta; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 3.250,55 € segundo as vixentes Instrucións sobre Plantilla do Concello de Vigo, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Productividade” polo período comprendido entre o 1 de xullo ao 31 de decembro de 2009.

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

20(227).- AUTORIZACIÓN DE REINGRESO AO SERVIZO ACTIVO DE D. MIGUEL ANGEL PÉREZ ORGANERO. EXPTE. 19710/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, 2.03.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En escrito de data 15 de febreiro de 2010 (documento nº 100022866) o funcionario D. Miguel Angel Pérez Organero, con DNI 36.025.847-G, solicita o reingreso ao servizo activo provinte da situación de excedencia excedencia voluntaria por interese particular.

O interesado, con praza e posto de policía, atopábase en dita situación por resolución da Alcaldía-Presidencia dende 1 de xullo de 2003.

O artigo 57.2.A do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da función pública de Galicia, establece que poderá concederse excedencia voluntaria por interese particular ás persoas funcionarias cando o soliciten por interese particular, sendo preciso ter prestado servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante os cinco anos inmediatamente anteriores, e nela non se poderá permanecer menos de dous anos continuandos, permanecendo en dita situación o interesado un período de 6 anos.

Asímesmo, na vixente relación de postos de traballo existe praza vacante de policía local dotada orzamentariamente, polo que é posible acceder ao solicitado.

Por isto, sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal ostenta en canto a desempeño da xefatura directa e inmediata do persoal municipal, así como a de propoñer a Xunta de Goberno Local a declaración de situacións administrativas, delegadas por decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no art. 127.h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal, á vista do anterior, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO previa a preceptiva fiscalización do gasto que pola Intervención Xeral se realice:

“Primeiro.- Autorizar o reingreso ao servizo activo ao funcionario de carreira D. Miguel Angel Pérez Organero, con DNI 36.025.847-G, na súa praza de Policía Local, asociada ó cod. posto funcional 212.11, cód. retributivo 134, da vixente relación de postos de traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local o 21 de xaneiro de 2009, encadrada no Servizo de Policía Local cod. 212, provinte da situación de excedencia voluntaria por interese particular.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Sr. Superintendente-Xefe da Policía Local, Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Mobilidade, Transporte e Seguridade, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Seguridade Social e Comité de Persoal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(228).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AOS MESES DE SETEMBRO 2009 E XANEIRO 2010. EXPTE. 19683/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 24.02.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de SETEMBRO-2009 E XANEIRO-2010 (Inclue horas de Xullo e Agosto) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central (Medio Ambiente)	De Jesús Carballo Magariños a Miguel Angel Alonso Alonso	Agosto Setembro-09	363,00
Central	De Guillermo Abelleira Porrua a Bernardo Rodríguez Lestón	Setembro-09	211,00
Parque Central (Limpieza)	De Amador Alvarez Bernardez a Benjamin Guisande Carrera	Setembro-09	79,00
Parque Central (Xardíns)	De M. Alfonso López Rodríguez	Setembro-09	12,00
Parque Central (Desinfección)	De Jesús Pérez Tomé	Setembro-09	126,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a Oscar Molares Bargiela	Setembro-09	282,00
OSPPIO	De Angel Ferro Mancho a	Setembro-09	170,00

	Loreto Romero-Gil Delgado		
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Setembro-09	51,00
Alcaldía (conductores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Xaneiro-2010	232,00
Vías e Obras	De José Luis Amoedo Cabaleiro a José Manuel Martínez González	Setembro-09	196,00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a Manuel Villar Domínguez	Xaneiro-2010	2.175,00
Bombeiros (Oficinas)	De M ^a Luz Palmás Calvar	Setembro-09	41,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Villar Estevez, Raimundo	Setembro-09	166,00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez	Setembro-09	727,00
1 ^a Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel A. Vázquez Martínez	Xaneiro-2010	140,00
Desinfección	De Higinio Durán Cabobianco a José Manuel Sousa Atrio	Setembro-09	252,00
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Setembro-09	50,00
Policia Local Xulgados	De Manuel F. Aguado Taboada a Juan Guillermo Vivero Mijares	Xaneiro-2010	1.000,00
Policia Local Horas en exceso	De José Luis Alonso Moreira a Pablo Vila Campos	Xaneiro-2010	877,15
Conserxería	De José Angel Fernández Alonso a M ^a Teresa Vaqueiro Herbello	Xullo Agosto/Setem	110,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 68.112'43 € (SESENTA E OITO MIL CENTO DOCE EUROS CON COARENTA E TRES CÉNTIMOS).

22(229).- PROXECTO DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO DO EDIFICIO POLIDEPORTIVO DA ETEA. EXPTE. 1374/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 5.03.10, que di o seguinte:

A Enxeñería Galaicontrol presenta a petición do Concello de Vigo, proxecto de “Reforma e Acondicionamento do Edificio Polideportivo da ETEA”, cun orzamento base de licitación de 848.031,04 € (oitocentos coarenta e oito mil trinta e un euros con catro céntimos), sendo a redactora a Arquitecta D^a. Mercedes Quintana Navío.

Este proxecto ten por obxecto concretar as actuacións necesarias para que o edificio actualmente pechado, poida abrir ao público.

A proposta de reforma e acondicionamento desenvólvese tendo en conta a organización e os criterios de xestión que rexirán o seu funcionamento, e o cumprimento da normativa relativa a condicións de protección contra incendios, accesibilidade, seguridade e saúde e eficiencia enerxética.

Á vista do anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1º.- *Aprobar o proxecto redactado pola Enxeñería Galaicontrol, para a “Reforma e Acondicionamento do Edificio Polideportivo da ETEA, por un importe de 848.031,04 Euros.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

O Sr. Domínguez Olveira manifesta que quere que conste en acta que o seu grupo dende este momento se desentende das intalacións. Di que o motivo e que xa teñen manifestado que os cartos do proxecto non chegan para nada, que non se lle fixo caso a un informe que o seu grupo presentou no órgano correspondente da Zona Franca, que hai dous meses sentouse co Sr. Alcalde e díxolle que con 800.000 € se podían poñer en marcha o polideportivo e o campo de fútbol (que podían utilizar os medios do IMD) pero non a piscina, e que se están metendo nunha lea que vai provocar reclamacións para que se abra en período electoral. Por último di que o seu grupo aproba o proxecto, pero que, tendo en conta que non se lle fai caso nin se lle consulta, se desentende do asunto.

23(230).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A SOCIEDADES CEMENTOS COSMOS S.A. E HORMIGONES MIÑO S.L. EXPTE. 64532/421.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, do 24.02.10, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución de aval formulada por D. José M^a Silvia Álvarez, con D.N.I. 76.323.124-Q, e Dna. M^a Paz Gómez Rodríguez con D.N.I. 36.946.256-X, en representación das Sociedades CEMENTOS COSMOS, S.A. con C.I.F. A-28013704 e HORMIGONES MIÑO, S.L. con C.I.F. B-27021401 e con domicilio a efectos de notificación en Rúa Brasil, nº 56 – C.P. 36204 VIGO (Pontevedra), con data 17 de outubro de 2006, en relación a fianza depositada ante o Concello de Vigo número de rexistro especial de avais 07702100270, expedido polo Banco de Santander Sucursal de Pontevedra, para responder polo importe de 3.024.000 pts. das obras de urbanización da unidade de actuación que lle afecte.

Visto o informe da Técnica da O.S.P.I.O., donde firma favorablemente a devolución de dito aval, polo que PROPONSE:

- 1. Proceder a devolución da fianza a Sociedades CEMENTOS COSMOS, S.A. con C.I.F. A-28013704 e HORMIGONES MIÑO, S.L. con C.I.F. B-27021401, constituída na data reseñada, polo importe de 3.024.000 pts. (18.174,60€).*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(231).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANUEL DE COMINGES”. EXPTE. 1191/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 2.03.10, asinado polo xefe da OSPIO e o xefe da Área dos Servizos Xerais, que di o seguinte:

Obra: CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANUEL DE COMINGES

Localidade e situación: RÚA MANUEL DE COMINGES. PARROQUIA DE MATAMÁ

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. D. JUAN VICENTE ALBIN ÑIGUEZ E O ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.

Coordinador de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. D. JUAN VICENTE ALBIN ÑIGUEZ E O ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO

Autor do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. D. JUAN VICENTE ALBIN ÑIGUEZ E O ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO

Autor do plan de seguridade e saúde no traballo: CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., D. JOSÉ FONTENLA MARTÍNEZ

Coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. LUÍS VILAR MONTORO Titulación: ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANUEL DE COMINGES .*
- 2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANUEL DE COMINGES .*
- 3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
- 4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral

competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(232).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “ACTUACIÓN DA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ”. EXPTE. 1193/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 2.03.10, asinado polo xefe da OSPIO e o xefe da Área dos Servizos Xerais, que di o seguinte:

Obra: ACTUACIÓN NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ

Localidade e situación: CESÁREO VÁZQUEZ. OIA. CONCELLO DE VIGO

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autora do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.

Coordinadora de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autora do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autor do plan de seguridade e saúde no traballo: CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., D. JOSÉ FONTENLA MARTÍNEZ

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. EMILIO OTERO MARTÍNEZ (GALAICONTROL) Titulación: ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra ACTUACIÓN NA RÚA CESÁREO VÁZ-QUEZ .
2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra ACTUACIÓN NA RÚA CESÁREO VÁZ-QUEZ .
3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente
4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adjudicataria CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(233).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA DA IGREXA. FASE 1”. EXPTE. 1198/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 2.03.10, asinado polo xefe da OSPIO e o xefe da Área dos Servizos Xerais, que di o seguinte:

Obra: PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA CARRETERA DA IGREXA. FASE 1

Localidade e situación: CTRA. DA IGREXA. PARROQUIA DE VALADARES

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor do proxecto: ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. SANTIAGO LÓPEZ FONTÁN E DNA. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Contratista titular do plan: EIRIÑA, S.L.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. SANTIAGO LÓPEZ FONTÁN E DNA. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. SANTIAGO LÓPEZ FONTÁN E DNA. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ

Autor do plan de seguridade e saúde no traballo: EIRIÑA, S.L., D. RAÚL SÁNCHEZ RODRÍGUEZ

Coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. ROBERTO PÉREZ PROL Titulación: ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRICOLA

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte

PROPOSTA:

1. *Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA CARRETERA DA IGREXA. FASE 1 .*
2. *Aceptación do plan de xestión de residuos da obra PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA CARRETERA DA IGREXA. FASE 1 .*
3. *Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
4. *Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adjudicataria EIRIÑA, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(234).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA RÚA CASAL DE ABAIXO”. EXPTE. 1195/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 3.03.10, asinado polo xefe da OSPIO e o xefe da Área dos Servizos Xerais, que di o seguinte:

Obra: PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA RÚA CASAL DE ABAIXO

*Localidade e situación: RÚA CASAL DE ABAIXO. PARROQUIA DE SAMPAIO
Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO*

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN E DNA. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Contratista titular do plan: CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN E DNA. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN E DNA. BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ

Autor do plan de seguridade e saúde no traballo: CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, APPLUS NORCONTROL S.L.U. Titulación: ENXEÑEIRO DE MINAS

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA RÚA CASAL DE ABAIXO .*
- 2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA RÚA CASAL DE ABAIXO .*
- 3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
- 4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(235).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “ACTUACIÓN NA RÚA SUBIDA Á MADROA. PARROQUIA DE CANDEÁN”. EXPTE. 1179/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 2.03.10, asinado polo xefe da OSPIO e o xefe da Área dos Servizos Xerais, que di o seguinte:

Obra: ACTUACIÓN NA RÚA SUBIDA A MADROA. PARROQUIA DE CANDEÁN

Localidade e situación: RÚA SUBIDA A MADROA. CANDEÁN

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Contratista titular do plan: EIRIÑA, S.L.

Coordinadora de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autora do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autor do plan de seguridade e saúde no traballo: EIRIÑA, S.L., D. RAÚL SÁNCHEZ RODRÍGUEZ

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL) Titulación: ENXEÑEIRO DE MINAS

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra ACTUACIÓN NA RÚA SUBIDA A MADROA. PARROQUIA DE CANDEÁN .*
- 2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra ACTUACIÓN NA RÚA SUBIDA A MADROA. PARROQUIA DE CANDEÁN .*
- 3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
- 4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria EIRIÑA, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(236).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “ACTUACIÓN NA RÚA SAN CRISTOBO. PARROQUIA DE CANDEÁN”. EXPTE. 1178/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 3.03.10, asinado pola apareladora municipal e o xefe da Área dos Servizos Xerais, que di o seguinte:

Obra: ACTUACIÓN NA RÚA SAN CRISTOBO. PARROQUIA DE CANDEÁN

Localidade e situación: RÚA SAN CRISTOBO, CANDEÁN - VIGO

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autora do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E DNA. BEATRIZ ALONSO ASENJO

Contratista titular do plan: EIRIÑA, S.L.

Coordinadora de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autora do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autor do plan de seguridade e saúde no traballo: EIRIÑA, S.L., D. RAÚL SÁNCHEZ RODRÍGUEZ

Coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. GUSTAVO MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (APPLUS NORCONTROL) Titulación: ENXEÑEIRO DE MINAS

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e,

no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra ACTUACIÓN NA RÚA SAN CRISTOBO. PARROQUIA DE CANDEÁN .
2. Aceptación do plan de xestión de residuos da obra ACTUACIÓN NA RÚA SAN CRISTOBO. PARROQUIA DE CANDEÁN .
3. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente
4. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E DNA. BEATRIZ ALONSO ASENJO

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria EIRIÑA, S.L. , a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(237).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO VIAL PERPENDICULAR Á RÚA CANIDO. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 4923/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 15.02.10, conformado polo director dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 26.05.2009 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU unha solicitude presentada por “Inmobiliaria Meridional Gallega, S.L.” (Doc. nº 90078820) coa que se achegaba a documentación correspondente ó «PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE VIAL PERPENDICULAR Á RUA CANIDO», redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, con planos visados polo COAG en datas 18.05.2009 e 22.07.2009.

I.2. O proxecto foi oportunamente remitido ós servizos municipais con competencias na materia (Montes, Parques e Xardíns, Electromecánicos – Servizos Xerais) e ás empresas prestadoras dos distintos servizos urbanísticos (“Unión Fenosa, S.A.”, “Gas Galicia, SDG, S.A.”, “R” Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.” e “Telefónica de España, S.A.”).

I.3. A súa documentación inicial foi completada no sentido indicado no requirimento municipal de data 18.06.2009, achegando os promotores da actuación un Anexo xustificativo da innecesariedade de someter o

proxecto de referencia ó trámite de Evaluación de Impacto Ambiental (EIA), e corrixida de acordo coas indicacións do Servizo de Electromecánicos, que informou favorablemente o proxecto.

Tamén foron requiridos (oficio do 25.01.2010) e achegados (Doc. nº 100014543; Rexistro XMU 02.02.2010) os títulos de propiedade e a documentación complementaria relativa á titularidade alegada (certificacións rexistradas), así como as escrituras de constitución das mercantís e os correspondentes poderes de representación.

I.4. O 17.09.2009 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 90133449) o informe de data 03.09.2009 do Secretario xeral de Calidade e Avaliación ambiental da CMATI da Xunta de Galicia, no que se concluía que: «non procede o sometemento do proxecto obxecto de consulta ao trámite de impacto ou efectos ambientais, debéndose en todo caso adoptar as medidas que sexan de aplicación das que figuran no anexo que se achega co presente oficio».

1.5. Mediante Resolución do director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de data 26.11.2009 otorgouse a autorización da Admón. autonómica na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre prevista no Art. 26 da L.22/1988, do 28 de xullo, de Costas, para a realización das obras de urbanización deste vial na parte afectada por aquela servidume, nas condicións que na mesma se expresan: (1) Adopción das medidas necesarias para garantir a integridade do DPMT e as súas zonas de servidume, así como a seguridades das persoas e bens; (2) Obter as correspondentes licenzas e autorizacións, e, (3) Cumprimento do prazo máximo para a finalización das obras (2 anos).

II. NORMATIVA EXAMINADA

TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).

LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).

RDLex.1/2008, do 11 de xaneiro, Texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.

L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

L.22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

RD.1471/1989, do 1 de decembro, Regulamento da Lei de Costas.

D.158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo.

- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).

- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).

- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

- LCSP (L.30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector público).

- RD.817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento parcial da LCSP

- L.8/1997, do 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras na CA de Galicia.

- D.35/2000, do 28 de xaneiro, de desenvolvemento e execución da L.8/1997.

- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).

- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).

- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Ademáis dos informes e autorizacións ós que se fixo referencia nos antecedentes, consta tamén no expediente o informe do enxeñeiro técnico de OOPP dos Servizos técnicos da XMU de data 15.12.2009, que é do seguinte teor literal:

«En data 26/05/2009, Inmobiliaria Meridional Gallega S.L. Presenta o “proxecto de vial perpendicular a la rúa Canido”. Este proxecto foi redactado polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo , con visados de fechas 189 de maio de 2009 e 22 de xullo de 2009, unha vez introducidos os axustes solicitados polo departamento municipal de Electromecánicos.

Redáctase o proxecto de urbanización a petición da xerencia de urbanismo, co obxecto de que as parcelas colindantes as que da frente poidan ter a consideración de solar dacordo co artigo 16 da Lei 9/2002, as aliñacións do vial son coincidentes coas fixadas polo PXOM vixente.

Os efectos fiscais que corresponda, O Orzamento de Execución Material ascende a cantidade de 79.739,06 € e un orzamento de execución por contrata de 104.521,96 €. A actuación ten unha superficie total de 602,46 m² , correspondendo integramente a vial público.

A urbanización está formada por unha única rúa perpendicular a rúa Canido (á altura do número 143), vial con un ancho de 6 m. e unha lonxitude de 87 m. é unha rúa de novo trazado e na actualidade existe só un sendeiro peonil, a disposición transversal do dito vial, dado a seu reducido ancho é de “coexistencia”, e dicir, sen resaltos diferenciando zona de peons e de tráfico rodado, coa pendente transversal a dúas augas cara ó eixo da rúa.

A urbanización dispoñe de todos os servizos urbanísticos habituais; rede de pluviais, saneamento, abastecemento, alumeados públicos, comunicacións e mobiliario urbano.

Asimesmo o proxecto cumpre co exixido no Real Decreto 105/08 polo que regúlase a produción e xestión de residuos de construción e demolición, coas vixentes NN.UU., cos artigos 67 ao 70 do RPU, e co decreto 35/2000 de accesibilidade. Adxuntanse os informes favorables dos servizos de Electromecánicos e Montes, Parques e Xardíns.

Achégase ó expediente o documento de remisión de decisión sobre a innecesariedade de avaliación de impacto ambiental, emitido o 3 de setembro de 2009 polo Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas.

Achégase tamén ó expediente o documento de autorización de obras na zona de servidumbre de protección do dominio público Marítimo-Terrestre, emitido o 26 de novembro de 2009 polo Director da Axencia de protección da Legalidade Urbanística da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas.

O promotor deberá constituir un Aval polo 100% do importe do presuposto de execución por contrata, antes de que se formalice a aprobación definitiva.

Unha vez que se aprobe definitivamente o proxecto, seguiranse as directrices do Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de iniciativa privada no Concello de Vigo, publicado no B.O.P. Do 17 de novembro de 2009, protocolo que achegase o expediente.

O acordo de aprobación inicial, así como o periodo de exposición o público notificarase as empresas Unión Fenosa, Aqualia, Gas Galicia e as de comunicacións, ademais dos propietarios dos terreos incluídos no ámbito do proxecto».

III.2. Con carácter xeral, para levar á práctica as determinacións do PXOM, así como para a execución dos Plans Parciais e Especiais, deberán redactarse proxectos de urbanización mediante os que se desenvolverá, integramente, o conxunto de determinacións do planeamento que se proxecte executar.

Terán como exclusiva finalidade o desenvolvemento de todas as determinacións do planeamento en canto a obras de urbanización, tales como vialidade, abastecemento de auga, rede de sumidoiros, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinería e outras análogas sen que, en ningún caso, poidan modificar ningunha das previsións do planeamento que desenvolvan, nin conter determinacións sobre a ordenación, o réxime do solo ou da edificación, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións á realidade esixidas a partir de levantamentos taquimétricos específicos, ou polas características do solo e subsolo na execución material das obras (Arts. 110 LOUGA, 67-70 RPU e Art. 4.3.2 NNUU PXOM).

III.3. Por outra banda, o vixente PXOM admite a posibilidade de autorizar «Proxectos de Obras ordinarias de urbanización» (Art. 4.3.5 NNUU PXOM), entendendo por tales todas aquelas non incluídas en proxectos de urbanización, pero que polo seu contido esixen a elaboración dun proxecto técnico coa finalidade de completar, por parte dos particulares, as condicións da urbanización dos espazos inmediatos ás súas fincas, dentro do solo urbano consolidado, para que poidan atinxir a condición de soar, ou ben para levar a cabo determinadas actuacións ailladas en solo urbano.

III.4. Conforme ó disposto no Art. 19.a] da LOUGA, os propietarios de solo urbano consolidado teñen a obriga de completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os mesmos acaden, se aínda non a tivesen, a condición de soar e, para estes efectos, deberán asumir o custo dos gastos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e regularizar as vías públicas, executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento e ceder gratuitamente ó municipio os terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento.

III.5. Precisamente, con relación á cesión dos terreos destinados a viario, cómpre indicar que no escrito conxunto presentado o 02.02.2010 polos representantes legais de “Inmobiliaria Meridional Gallega, S.L.” e de “Urbavigo, S.L.” e por D. Isidro Álvarez Feijoo e D^a M^a Carmen Fernández Freire, todos eles –propietarios das tres parcelas afectadas pola apertura do vial- solicitaron expresamente desta Administración que: “se formalice la cesión de terrenos cuyo ofrecimiento se realiza en este acto, libre de cargas y gravámenes sitos en Vial perpendicular de Rúa Canido, destinados a viario público según el PXOM vigente, según plano que se acompaña”.

III.6. De acordo coa documentación técnica incluída no «PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE VIAL PERPENDICULAR Á RUA CANIDO», redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, o plano aportado coa instancia dos interesados do 02.02.2010 (copia do visado polo COAG o 03.06.2009) e o informe do arquitecto municipal Director da Área de Planeamento – Xestión da XMU de data 11.02.2010, a cesión para viario que deberá asumir cada un dos tres propietarios é a seguinte:

- Parcela catastral nº 7014448NG1771S0001R1, de 1.025 m² de superficie, segundo escritura (Catastro: 929 m²), propiedade de “Urbavigo, S.A.” e situada na rúa Canido nº 141. Deberá ceder para completar a urbanización e adquirir a condición de soar unha superficie (segundo o plano achegado) de 13,14 m², na confluencia coa rúa Canido.
- Parcela catastral nº 7014447NG1771S0001K1, de 1.100 m² de superficie, segundo escritura (Catastro: 1.025 m²), propiedade de D. Isidro Álvarez Feijoo e D^a M^a Carmen Fernández Freire, situada na rúa Canido nº 143. Deberá ceder, coa mesma finalidade, unha superficie (segundo o plano achegado) de 7,82 m², na confluencia con vial de nova apertura polo PXOM.
- Parcela catastral nº 7014445NG1771S0001M1, de 2.144 m² de superficie, segundo escritura (Catastro: 2.248 m²), propiedade de “Inmobiliaria Meridional Gallega, S.L.”, situada na rúa Canido nº 147. Deberá ceder, coa mesma finalidade, unha superficie (segundo o plano achegado) de 296,44 m², na confluencia con vial de nova apertura polo PXOM.

Nas condicións expresadas anteriormente (gratuita, libre de cargas e gravames), tal cesión de terreos destinados a viario público, cuantificada nunha superficie total de 317,40 m², debería formalizarse en escritura pública posterior á aprobación definitiva deste proxecto de obras ordinarias de urbanización, previas as operacións de segregación que, de ser o caso, resulten necesarias.

III.7. Se cadra, a categorización máis acaída para o ámbito conformado polos terreos dos solicitantes tería sido a de Solo Urbano Non Consolidado (SUNC), toda vez que, como reiteradamente manifestou a Administración autonómica, esta categoría resulta obrigada cando é precisa a obtención e urbanización de novo viario público (Orde CPTOPT do 28.04.2006, PXOM de Ribas do Sil), cando se trate de ámbitos nos que se prevén vías de nova creación por carecer as parcelas de fronte a viario público existente (Orde CPTOPT do 19.01.2007, PXOM Vigo) ou cando o propio PXOM prevé a apertura de novo viario ou a transformación de rúes ou camiños en rúas de entidade urbana (Informe CPTOPT do 19.07.2006, PXOM Chantada; Informe CPTOPT do 06.03.2006, PXOM Cotobade).

En todos estes casos resulta obrigada: “a consideración dos terreos correspondentes como SOLO URBANO NON CONSOLIDADO (artigo 12.b da Lei 9/2002)”, a non ser que se prevean as actuacións asistemáticas de urbanización correspondentes na estratexia de desenvolvemento e estudio económico do plan (Orde CPTOPT 03.10.2007; PXOM Santiago de Compostela).

Tal categorización como SUNC dos terreos obxecto de informe teríalle permitido ó Concello obter, a través da execución dunha actuación asistemática e mediante a aprobación do correspondente instrumento de equidistribución, tanto os terreos destinados a viario público como tamén, por certo, aqueles nos que debería concretarse o aproveitamento lucrativo de cesión a esta Administración (10%), integrante do Patrimonio Municipal do Solo e afecto ó cumprimento das finalidades determinadas na Lei (Arts. 39 TRLS/2008 e 177 LOUGA) e particularizadas no documento de «Criterios xerais para a xestión do PMS do Concello de Vigo», aprobados no Consello de Xerencia da XMU do 02.07.2009.

O certo é que outro debeu ser o criterio do planificador municipal cando decidiu incluír os terreos en cuestión na categoría de Solo Urbano Consolidado (SUC), entendendo tal vez que a apertura dese novo viario perpendicular á rúa Canido era susceptible de ser executado simplemente como consecuencia da obriga de urbanización simultánea coa edificación.

III.8. A respecto do procedemento a seguir para a aprobación administrativa desta clase de proxectos, consideramos –en ausencia de determinación expresa do PXOM e salvo criterio mellor fundado– que, atendida á súa natureza, contido e finalidade, podería perfectamente asimilarse á prevista na LOUGA para a aprobación dos proxectos de urbanización; procedemento máis garantista, por outra parte, que o regulado para os proxectos de obras ordinarias (Art. 67.3 RPU).

Deste xeito, de acordo co preceptuado no Art. 110.4 da LOUGA, deberá ser aprobado inicialmente polo órgano municipal competente e sometido ó trámite de información pública polo prazo mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no BOP e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobará definitivamente, de ser o caso, coas modificacións que resultasen pertinentes.

III.9. Tocante ó seguimento e recepción das obras de urbanización, estarase ó disposto na normativa xeral aplicable (Art. 110.5 LOUGA e 218 LCSP) e, en particular, ó previsto nas NNUU do PXOM (Capítulo 4.3) e no «Protocolo de actuacións para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo» (Exp. nº 62/403), aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 14.09.2009 e publicado no BOP nº 222 do 17.11.2009.

Lémbrese, ademais que –en todo caso– para que o Concello reciba as obras de urbanización e poida comezar o cómputo do prazo establecido no Art. 110.5 da LOUGA, será preceptiva a presentación dun informe redactado por unha empresa cualificada sobre control de calidade, que recolla os informes parciais e as conclusións finais das obras, nos termos establecidos no Título VII («Normas xerais de ordenación e urbanización») do PXOM.

III.10. A competencia para aprobar, inicial e definitivamente, o proxecto de obras ordinarias de urbanización corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no Art. 127.1.d) da LRBRL.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, o Art. 110.4 da LOUGA, propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO: De conformidade cos informes técnicos que constan no Expediente nº 4923/401, aprobar inicialmente o «Proxecto de urbanización de vial perpendicular á rúa Canido» (nº 143) promovido polas mercantís “Inmobiliaria Meridional Gallega, S.L.” e “Urbavigo, S.A.” e redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo, con planos visados polo COAG en datas 18.05.2009 e 22.07.2009, cun orzamento de execución por contrata de 104.521,96 €; cantidade que deberá ser garantida mediante aval bancario antes da aprobación definitiva do proxecto.

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no BOP e nun xornal dos de maior circulación na provincia.

TERCEIRO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados (“Urbavigo, S.A.”, “Inmobiliaria Meridional Gallega, S.L.” e Sres.Álvarez Feijoo e Fernández Freire) e dar conta del ós servizos municipais de Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Tráfico e OSPIO e tamén ás empresas “R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.”, “Telefónica de España, S.A.”, “Unión Fenosa S.A.”, “Aqualia, S.A.” e “Gas Galicia S.A.”».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

31(238).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A REALIZACIÓN DA PLATAFORMA TECNOLÓXICA PARA A XESTIÓN DOCUMENTAL DE ACCESO A UNA REDE DE COMUNICACIÓN PARA O PEQUEÑO E MEDIANO COMERCIO. EXPTE. 3309/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.03.10, o informe de fiscalización do 5.03.10, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e comercio, do 3.03.10, conformado polo concelleiro da Área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente nº 3309/104 para a realización do proxecto do servizo da PLATAFORMA TECNOLÓXICA PARA A XESTIÓN DOCUMENTAL DE ACCESO A UNA REDE DE COMUNICACIÓN PARA O PEQUEÑO E MEDIANO COMERCIO, por un importe total de 115.000,00 €. euros.

2º.- Aprobar o proxecto para a realización do servizo da PLATAFORMA TECNOLÓXICA PARA A XESTIÓN DOCUMENTAL DE ACCESO A UNA REDE DE COMUNICACIÓN PARA O PEQUEÑO E MEDIANO COMERCIO, por un importe total de 115.000,00 €. euros

3º.- Aprobar o gasto de 115.000,00 euros para a execución do proxecto do servizo da PLATAFORMA TECNOLÓXICA PARA A XESTIÓN DOCUMENTAL DE ACCESO A UNA REDE DE COMUNICACIÓN PARA O PEQUEÑO E MEDIANO COMERCIO, por un importe total de 115.000,00 €. euros. que se imputarán á partida FEESL/6220.6410055.

4º Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescrición técnicas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación de data 1 de marzo de 2010.

5º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios de licitación no Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Perfil do contratante do concello de Vigo.

32(239).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA PLATAFORMA INFORMÁTICA DE XESTIÓN DOCUMENTAL DOS SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS. EXPTE. 9380/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.03.10, o informe de fiscalización do 5.03.10, e de acordo co informe-proposta da xefa do director deportivo do IMD, do 3.03.10, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente nº 9380/333 para a contratación das obras do proxecto DA PLATAFORMA INFORMÁTICA DE XESTIÓN DOCUMENTAL DOS SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

2º.- Aprobar o proxecto para a realización do servizo da DA PLATAFORMA INFORMÁTICA DE XESTIÓN DOCUMENTAL DOS SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS.

3º.- Aprobar o gasto de 180.000,00 euros para a execución das obras da DA PLATAFORMA INFORMÁTICA DE XESTIÓN DOCUMENTAL DOS SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS que se imputarán á partida FEESL/4521.6410055

4º Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación de data 1 de marzo de 2010.

5º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios de licitación no Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Perfil do contratante do concello de Vigo.

33(240).- MODIFICACIÓN DA FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE APOIO Á UAD CEDRO. EXPTE. 41015/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 8.03.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Modificar a folla de especificacións do contrato do prego de cláusulas administrativas particulares do expediente para a prestación do servizo de apoio a Unidade Asistencial de drpodependencias “CEDRO” expte 41015-301 nos seguintes aspectos:

- O apartado 8.1.1 pasará a ser 601.869,16 euros en lugar de 555.172,41 euros.
- O apartado 8.1.2 pasará a ser 42.130,84 euros en lugar de 88.827,59 euros.
- O apartado 8.4 pasará a ser 1.203.738,32 euros en lugar de 1.110.344,82 euros.

34(241).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REFORMA E ADECUACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DE CASTRELOS”. EXPTE. 3532/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.03.10, o informe xurídico do 3.03.10, e de acordo do informe-proposta do 3.03.10, da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, conformado polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente nº 3532/335 para a contratación das obras de REFORMA E ADECUACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DE CASTRELOS.

2º.- Aprobar o proxecto de execución de construción das obras REFORMA E ADECUACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DE CASTRELOS redactado por FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLES Y ASOCIADOS, S.L.P, CIF.: B-36710168 .

3º.- Aprobar o gasto de 232.399,84 euros para a execución das OBRAS DE REFORMA E ADECUACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DE CASTRELOS que se imputarán á partida FEESL/4512.632.0055 (FEESL -reforma auditorio municipal Castrelos).

4º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación de data 25 de febreiro de 2010.

5º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios de licitación no Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Perfil do contratante do concello de Vigo.

35(242).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DIRECCIÓN DA OBRA DE REHABILITACIÓN PARA A UBICACIÓN DUNHA PINACOTECA. EXPTE. 5475/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.03.10, o informe xurídico do 3.03.10, e de acordo do informe-proposta do 3.03.10, da xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente nº 5475/307 para a contratación da Dirección das obras de REHABILITACIÓN PARA A UBICACIÓN DUNHA PINACOTECA.

2º.- Aprobar o gasto de 68.440,00 € euros para a execución da Dirección das obras de REHABILITACIÓN PARA A UBICACIÓN DUNHA PINACOTECA, que se imputarán á partida FEESL/4531.6220055

3º Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación de data 01/03/2010.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a invitación a participar a un mínimo de 3 empresas.

36(243).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN PAR UBICACIÓN DUNHA PINACOTECA”. EXPTE. 5471/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.03.10, o informe xurídico do 3.03.10, e de acordo do informe-proposta do 3.03.10, da xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente nº5471/307 para a contratación das obras de rehabilitación para a ubicación dunha pinacoteca.

2º.- Aprobar o proxecto de execución de construción das obras rehabilitación para a ubicación dunha pinacoteca redactado por “RODRÍGUEZ Y RIVOIRA ARQUITECTOS, S.L.P.”.

3º.- Aprobar o gasto de 2.726.290,00 euros para a execución das obras de rehabilitación para a ubicación dunha pinacoteca, que se imputarán á partida FEESL/4531.6220055

4º Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras por procedemento aberto con múltiples criterios de adjudicación de data 19 de febreiro de 2010.

5º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios de licitación no Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Perfil do contratante do concello de Vigo.

37(244).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.